

AVANZO DOS RESULTADOS DO ESTUDO SOBRE O IMPACTO LABORAL DA SEGUNDA ONDA DA PANDEMIA DE COVID-19 NAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO

O Observatorio de Persoas Tituladas, coa colaboración do Consello Social da UVigo, presenta o Avanzo dos Resultados do *Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo* cos datos globais máis significativos da enquisa aplicada aos antigos estudantes durante a segunda vaga da pandemia (entre os meses de setembro e decembro de 2020).

Para a realización do estudo, aplicáronse enquisas *online*, cuxo formulario foi aloxado na Web do Observatorio. O cuestionario foi enviado ás persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio e difundido nas nosas redes sociais. O traballo de campo desenvolveuse entre os días 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021, obténdose unha mostra de 2283 persoas tituladas.

Como no estudo realizado o ano pasado sobre a primeira onda da pandemia, neste Adianto de Resultados o impacto da segunda onda é abordado desde tres ópticas: laboral (incidencia na taxa de ocupación e de desemprego), sanitaria (% de contaxios no ámbito laboral) e no modo de traballo (modalidade de traballo -remoto ou presencial- adoptado polas empresas/entidades para continuar a súa actividade). De forma particular, as persoas inquiridas avaliaron a implementación do teletraballo, referindo as súas vantaxes, inconvenientes e preferencias.

A seguir son presentados os principais resultados da enquisa aplicada:

1. Lugar de traballo

A maioría (78%) traballa en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (13,1%) e no resto do mundo¹ (8,8%).

Área xeográfica	Provincia/Comunidade Autónoma/País
Galicia	Pontevedra (61,7%), A Coruña (18,6%), Ourense (15,8%) e Lugo (4,0%)
Outras Comunidades Autónomas	Comunidade de Madrid (47,7%) e Cataluña (17,4%), seguidas por País Basco (5,7%), Castela e León (5,3%) e Comunidade Valenciana (4,2%).
Resto do mundo	Alemaña (19,2%) e Reino Unido (17,5%), seguidos por Portugal (7,9%), Francia (5,6%), Estados Unidos da América (5,1%) e Bélxica (4,0%).

2. Impacto da segunda onda da pandemia de Covid-19

A avaliación do impacto da actual crise por Covid-19 requiriu unha abordaxe desde tres perspectivas: laboral, sanitaria e no modo de traballo.

2.1 Impacto laboral

Foron avaliadas as variacións producidas na situación socio-laboral das persoas tituladas entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2020.

En decembro de 2020 a inmensa maioría (85,4%) seguía no mesmo emprego que tiña no mes de setembro. Un 2,0% perdeu o traballo que tiña², o 4,5% xa estaba desempregado/a antes da segunda onda, un 2,6% seguía na mesma situación anterior³, un 2,1% mudou de emprego⁴ e o 3,5% encontrou emprego⁵ no período avaliado.

¹ En 34 países dos cinco continentes.

² Durante a primeira onda da pandemia, entre marzo e xuño de 2020, un 5,0% das persoas inquiridas perdeu o seu emprego.

³ Como estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...

⁴ Durante a primeira onda da pandemia un 1,2% mudou de emprego.

⁵ Durante a primeira onda da pandemia somente un 0,6% encontrou emprego.

Impacto laboral	Setembro 2020	Decembro 2020
Taxa de ocupación	89,5	91,0
– Galicia	88,5	89,9
– Outra Comunidade Autónoma	94,2	94,6
– Resto do mundo	94,4	97,2
Taxa de desemprego	7,0	6,5
– Galicia	7,8	7,3
– Outra Comunidade Autónoma	2,9	3,7
– Resto do mundo	4,0	1,2

Durante a segunda onda da pandemia de Covid-19 a taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo experimentou un incremento do 1,68%, ao pasar dunha taxa de ocupación do 89,5% en setembro de 2020 a un 91,0% en decembro de 2020. A taxa de desemprego experimentou unha diminución do 7,14%, pasando dun 7,0% en setembro de 2020 a un 6,5% en decembro de 2020.

A pesar desta recuperación, as taxas da ocupación e de desemprego aínda non alcanzaron os niveis anteriores á crise (92,2% e 4,7%, respectivamente⁶). A primeira onda da pandemia provocara unha diminución do 4,88% na taxa de ocupación⁷ e un incremento do 97,87% da taxa de desemprego⁸.

As principais causas referidas polos que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (67,6%), seguida pola suspensión da actividade profesional (11,8%) e os despedimentos (8,8%). Algo máis da metade (58,6%) espera recuperar o emprego perdido durante a segunda onda da pandemia⁹.

2.2 Impacto sanitario no ámbito laboral

Impacto sanitario: 55,6%, máis alto que durante a primeira onda da pandemia (34,3%)

Lugar de traballo	Impacto sanitario		Provincia/Comunidade Autónoma/País
	1ª onda	2ª onda	
Galicia	28,4	52,3	Coruña (53,7%), Pontevedra (53,2%), Lugo (47,5%) e Ourense (48,5%)
Outras Comunidades Autónomas	58,0	67,2	Castela e León (85,7%), Cantabria (80,0%), Illas Baleares e Illas Canarias (75,0% ambas), País Basco (73,3%), Comunidade Valenciana (72,7%) e Comunidade de Madrid (71,1%)
Resto do mundo ¹⁰	44,8	67,4	Portugal (92,9%), EUA (88,9%), Francia (80,0%), Reino Unido (77,4%), Chile, Dinamarca, Italia e Luxemburgo (75,0% cada un)

Por ramas de actividade¹¹, a maior incidencia deuse no ámbito público (72,1%) que nas empresas privadas (48,3%) ou nas entidades non lucrativas (47,6%).

⁶ Niveis de marzo de 2020.

⁷ Entre marzo e xuño de 2020 pasou do 92,2% ao 87,7%.

⁸ Entre marzo e xuño de 2020 pasou do 4,7% ao 9,3%.

⁹ A esperanza en recuperar o emprego foi máis baixa durante a primeira onda da pandemia (51,6%).

¹⁰ Referiron contaxios a totalidade das persoas que traballan en Andorra, Chequia, El Salvador, Eslovaquia, México, Perú, Suecia e Turquía.

¹¹ Na primeira onda o impacto sanitario do sector público (43,7%) tamén superior ao producido entidades non lucrativas (32,1%) e na empresa privada (30,1%).

Os sectores económicos máis afectados foron defensa e seguranza (88,9%¹²), ensino/docencia (77,2%¹³), sanitario/saúde (74,0%¹⁴), aeroespacial (72,7%¹⁵); industria química, plástico, vidro e envases (68,4%¹⁶), téxtil e confección (68,2%) e actividades inmobiliarias (66,7%).

2.3 Impacto no modo de traballo

Entre as persoas inquiridas que traballaron durante a segunda onda da pandemia, o grupo maioritario (52,9%) estivo formado polos que traballaron de modo presencial no seu posto de traballo habitual, seguido polos que o fixeron parcial ou totalmente desde casa (42,8%). Un 2,3% estivo en ERTE e o 2,0% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

Modalidade de traballo durante a pandemia	1ª onda	2ª onda
Teletraballo ou traballo remoto	54,0	19,7
Traballo remoto e presencial	2,6	23,0
Traballo presencial con “normalidade”	19,0	45,0
Traballo presencial con restricións	14,9	7,9
En ERTE (ou figura semellante)	5,7	2,3
En casa sen actividade laboral	3,8	2,0

3. Implantación do Teletraballo

3.1 Experiencia previa

Entre as persoas que teletraballaron total ou parcialmente durante a segunda onda da pandemia, a maioría (76,8%) teletraballara antes: o 44,1% durante a primeira onda da pandemia (entre marzo e xuño de 2020) e o 32,7% antes da aparición da pandemia. Un 23,2% das persoas inquiridas teletraballou por primeira vez durante a segunda onda da pandemia¹⁷.

3.2 Posibilidade de teletraballar

A maioría de persoas tituladas (81,0%) afirma que o seu traballo permite teletraballar, dunha forma parcial (41,9%) ou total (39,1%). Para o 19,0% o emprego realizado non permite realizar o seu traballo en casa.

O 41,1% das persoas inquiridas non podería teletraballar máis e mellor aínda que se fixesen cambios no seu posto de traballo actual. Polo contrario, o 38,3% considera que sería posíbel. Un 20,6% referiu non estar seguro con esta hipótese.

3.3 Vantaxes do teletraballo

Para a maioría (77,0%) a principal vantaxe do teletraballo é a redución do tempo de desprazamento, valorando positivamente o aforro en gastos de desprazamentos laborais (60,2%). A máis distancia, permite pasar máis tempo coa familia (39,9%), reducir as emisións de CO2 (33,7%) e aumenta a súa produtividade (29,3%).

3.4 Inconvenientes do teletraballo

Os principais inconvenientes son a falta de contacto social (86,1%), seguido da dificultade para separar o horario laboral e persoal (60,4%), a sobrecarga de traballo (35,6%) e imputar no empregado/a custos que deberían ser asumidos pola empresa/entidade empregadora (32,8%).

¹² 43,4% na primeira onda da pandemia

¹³ 28,1% na primeira onda da pandemia (fundamentalmente non presencial).

¹⁴ 70,8% na primeira onda da pandemia.

¹⁵ 53,8% na primeira onda da pandemia.

¹⁶ 43,3% na primeira onda da pandemia.

¹⁷ Antes da aparición da crise do Coronavirus a maioría de persoas tituladas (60,8%) carecía de experiencia previa en teletraballo.